

# Manuel Roel, recreador do humor popular galego

*Á familia Roel Martín, con agarimo*

XESUS TORRES REGUEIRO\*

## INTRODUCCIÓN

A maioría dos betanceiros -sobre todo os máis novos- descoñece a figura e obra dun paisano que desenvolveu unha intensa actividade cultural, primeiro en Betanzos ata a guerra civil, e posteriormente no seo da colectividade galega emigrada ou exiliada en Buenos Aires. Sen ser unha figura de primeirísima fila, a actividade cultural de Roel debe ser recoñecida e lembrada polas súas inquedanzas e o seu dinamismo que o levou a abranguer un amplo campo que vai dende o xornalismo á narrativa e poesía humorística e festiva, pasando polo teatro -como autor e actor de pequenas pezas e "sketchs" humorísticos-, a dirección de publicacións da colectividade galega emigrante e o labor de animación radiofónica nas audicións galegas da radio arxentina.

No labor cultural heroico, calado e pouco recoñecido, por máis que importantísimo, dos emigrantes e exiliados galegos na Arxentina nos anos da postguerra, Manuel Roel ten de ocupar un pequeno espazo a pouco que se coñeza a súa actividade.



*Manuel Roel nos anos corenta*

## NOTICIA DE MANUEL ROEL

Manuel Roel Longueira naceu en Guísamo, preto de Betanzos, o catro de xaneiro de 1898 no seo dunha familia modesta, composta polo matrimonio Blas Roel Amor e Ramona Longueira. A parella tivo seis fillos: Alfredo, Encarnación, María,

\* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX



*Manuel Roel, terceiro pola esquerda, con membros dun grupo folclórico de galegos emigrantes.*

Carme, Leonor e o propio Manuel, que foi o máis novo. Don Blas Roel fora maior-domo dos señores do pazo de Baldomir, na propia parroquia de Guísamo, e posteriormente instalaría na súa casa un negocio de taberna e tenda.

A infancia de Manuel Roel foi a dun neno sen problemas, criado pola familia coma o benxamín que era. Sen ter realizado estudos e sen unha ocupación determinada, gracias á situación desafoxada da familia, Manuel amosou dende a mocidade inqedanzas culturais e literarias. Na Coruña relaciónase dende moi novo -quizais a través do seu parentesco co propietario da famosa Imprenta Roel- cos círculos literarios e intelectuais da cidade, especialmente cos galeguistas. Así vémosto nos comenzos da Irmandade da Fala coruñesa, criada en 1916, como un dos seus integrantes máis mozos. Desta primeira época só lle coñecemos tres colaboracións, precisamente na prensa galeguista: un conto e un poema en *A Nosa Terra*, órgano da Irmandade da Fala, e un poema festivo en *Rexurdimento*, publicación nacionalista de Betanzos.

Precisamente a esta vila trasladarase a vivir en 1926 ao casar con Bernardina Martín Torres, coa que terá oito fillos, o primeiro morto prematuramente. Aquí incorpórase á Irmandade da Fala local e desempeñase como axente comercial ao tempo que fai de corresponsal de *El Pueblo Gallego*, xornal vigués, liberal e pro-autonomista, propiedade de Portela Valladares. Nos anos da República debeu simpatizar co Partido Galeguista, aínda que non temos datos sobre a súa afiliación, e hai quen di que era membro dunha loxia masónica, cousa bastante normal na época e que, ao parecer, foi a desencadeante do seu exilio.

No outono de 1936 marcha á Arxentina, fuxindo da represión franquista. A muller e os sete fillos pequerrechos fican en Betanzos, separándose traumáticamente a familia, como sucedeu con tantas outras.



*Manuel Roel, o primeiro pola dereita dos sentados, posando cun grupo de galegos -entre os que se atopan Castelao, Rey Baltar, Rodolfo Prada, Alonso Ríos, Domingo Maza e outros- nunha visita ó Lar Galego para Ancianos nas aforas de Buenos Aires.*

En Buenos Aires botará trece longos anos colaborando con sociedades de emigrantes e con grupos e organizacións galeguistas na labourea cultural e desempeñando ocupacións diversas para sobrevivir. Alí daráse a coñecer nos anos corenta cunha febril actividade como escritor e humorista acadando o recoñecemento entre a colonia galega a través dos seus "contos", "lóstregos" e "foguetes" publicados nas páxinas das revistas societarias ou lidos nos programas de radio dedicados á colonia galega. Dirixe durante un tempo publicacións societarias: *Breogán*, órgano do Centro Gallego de Avellaneda, *Lar*, órgano do Hospital Gallego de Buenos Aires, *Galicia*, órgano do Centro Gallego..., supónenlle un pequeno ingreso (100 pesos arxentinos por mes e número páganlle por *Breogán* en 1943) que completaba cos que lle producían os seus programas radiofónicos -na Radio "Callao" primeiro, na "LR2 Radio Argentina" despois- e outras ocupacións deste tipo.

Os seus contos e poemas festivos publicáronse en moitas revistas da emigración galega -algúns viron a lus en tres publicacións diferentes- como as xa citadas *Breogán*, *Galicia* e *Lar*: *Alborada*, *Compostela*, *Umia* y *Lérez*, *Unión de Teo* y *Vedra*, *Negreira*, *Lugo*, *Revista do Centro Pontevedrés*, *Betanzos*,... ademais de colaborar asiduamente na páxina galega do gran diario arxentino *Noticias Gráficas*. Moitas destas publicacións societarias adoitaban facer presentacións laudatorias de Roel cando publicaban os seus contos. Así a revista *Negreira* afirmaba que "os seus contos constituen o lenitivo espiritual de canto galego existe na República Arxentina", gabándose de presentar nas súas páxinas colaboradores da talla de Roel.

Na Arxentina colaborou e actuou en representacións da compañía teatral de

*A comisión organizadora, amigos e admiradores da súa labouira, ofrécenlle esta sinxela proba de amizade no día do teu homaxe.*

Bas Ari, 4 de Novembro de 1944

Comisión: **Manoel Picón, Luis López,  
Antón Comesaña, Manoel Freire.**

Agradecidos: Antón Alonso Ríos, Antón Alonso Pérez, Mercedes Amieiro, de Olea, Emilio André, Francisco Arno, Francisco Amor, Jacinto Anre, Manuel Alonso, Ventura Amar Ben, José Antelo Blanco, Luis Ares, Horacio Bermúdez Abente, José B. Albrata, Eduardo Barrón, José Buxía, José Bianco Amor, José Barrio, José Barril, Francisco Blanco, Antonio Barcala, José B. Fungueiro, Antonio Carballo, Anselmo Carro, Arturo Cuadrado, Eugenio Cololatre, Armando Carro, José Castro, Juan Canosa, Néstor Cololatre, Pedro Campos Couceiro, Agustín Cancio, David Cabral, Antonio Centeno Xesús Calado de Castro, Alfonso Conela, Ramón Crespo, José C. López, Ramón D. Villar, Avelino Díaz, Manoel Dams, Misiro da Presa, Manuel Dubarros, Marcelino Dvallo, Agostín Fandiño, Manoel Freire, José González, Luis González Roel, Pedro Gil, Santiago Gasalla, Vicente García, Rafael Galloso, Angel García, Bernardo González Rey, Severino Iglesias, Fernando Iglesias, Bielesonso J. Gallego, Luis López, Manoel Lois, Ramona L. de Amor, Fernando Lorenzo Rico, José Longueira, Perfecto López, Jesús Lamas, María Longueira, Victoriano M. Paquero, Domingo Maza, Perfecta Méndez, Manoel Martínez, Carlos Mariñas, Ricardo Montero, Manuel Míguez, Ismael Mallo López, Manoel Miquez, José Méndez Valea, Manoel Moreira, José

Mayo, José M. Quintán, Manoel Miñones, Manoel Murga, José Noqueira, Obidilia Navaza, Daniel Noqueira, Gregorio Olea, Manoel Oliveira, Manoel Paz, E. Pichel, Benito Pombó, Ersilia Q. de Calviño, Alfonso R. Castelao, Concepción R. de Castro, Domingo Rodríguez, Manoel Ríos, José Rico, Trinidad R. de González, José Julio Rial, Manoel Rodríguez, Francisco Reyes, Concepción R. de Freire, Benito Rodríguez, A. Suárez Nova, Luca Seoane, Emilio Suárez, Manoel Soto, Alfonso Sánchez Guimares, Carmen Santolalla, Onésimo Sotelo, Sepuquio Tildone, Francisco Villaverde, Julio Velasco, Pedro Varrá, D. Varela Buján, Luciano Vidán, Antón Zapata García, Francisco Calvo, Camilo Calvo, Carlos Cernadas, José González Lodo y Sra., Enrique Montero, Virginia P. de Castelao, Gumersindo Sánchez Guimade, Elpidio Villaverde, Consuelo Viestres, Manoel Rey.

Institucións aderidas.

Centro Gallego de Avellaneda

A. B. C. de Corubión

Un. Res. de Santiago de Compostela

Umia y Lerez

Irmandade Galega de Bas Ari

P. U. del Apto. de Rianjo

Peña de Artistas de Baedo "Parchá-Cama"

Maruxa Villanueva, quen adoitaba representar obras do seu marido Manuel Daniel Varela Buxán. Con este matrimonio Roel tivo grande amizade e aínda despois do pasamento do humorista, a parella de teatros acostumaba visitar de volta en Galicia á familia deste.

Xa en outubro de 1939, Roel actuara no teatro Mayo coa compañía de Maruxa nun pequeno papel de garda civil na obra *Pola nosa culpa*, do citado Varela Buxán. Posteriormente, el mesmo escribiu varios "sketchs" e diálogos teatrais para as audiencias galegas da radio arxentina que eran interpretados por Maruxa Villanueva, "Pallotas" e ás veces Maruxa Boga. O propio Roel representaba a un personaxe fixo nestes diálogos, de nome "Marolón", galego retranqueiro e burlón que ridiculizaba ao paisano desleigado que, esquecendo lingua e orixe, quería imitar a fala e comportamento dos porteños, ficando nun híbrido ridículo e chocalleiro.

Estas actividades fixeron de Roel un personaxe coñecido e estimado entre os galegos da Arxentina. Especial relación tivo con moitos artistas e escritores galegos: os xa citados Varela Buxán e Maruxa Villanueva, Antón Zapata García, Manoel Prieto Marcos, Arturo Cuadrado, Luis Seoane, Colmeiro, Laxeiro, Tacholas, Rafael Dieste, Castelao, ..., non en balde foi director da *Agrupación de Artistas Galegos* en Buenos Aires. A homenaxe que lle tributan os seus amigos e un álbum de dedicatorias con interesantísimos debuxos inéditos -algúns publicáronse no *Anuario Brigantino* de 1984- adicados a Roel por pintores galegos da talla de Seoane e Colmeiro, dan fidel testemuña desta amizade. Nese mesmo álbum estampou un Castelao cego e moribundo unha emocionante dedicatoria ao exiliado que voltaba a Betanzos, e que polo seu valor sentimental reproducimos. Dí así: "Estou enfermo, pero sandarei. Algún día nos veremos na verde Betanzos. Que teñas un feliz viaxe e que sexas feliz á veira da túa dona e dos teus sete fillos". Leva a data do 9 de decembro de 1949, un mes escaso

antes do pasamento do rianxeiro.

Os amigos e compañeiros de andanzas do exilio tribútanlle unha homenaxe o 4 de novembro de 1944 "en recoñecemento á súa laboura periodística encol da nosa cultura". Son moitos -máis dun cento- os que asisten ao xantar-homenaxe e tamén os que envían a súa adhesión disculpando a ausencia. Nomes coñecidos uns, menos outros, a homenaxe a Roel convírtese nunha xuntanza de todos aqueles que estaban a traballar en Buenos Aires a prol da cultura e o societarismo galego: escritores, músicos, pintores,

xornalistas, actores, representacións das principais sociedades galegas... O mesmo Castelao fixo aos postres o ofrecimento da homenaxe.

Nos papeis de Roel, que conserva a súa familia, atópanse numerosas adhesións á homenaxe. Entre elas esta curiosa que enviou o famoso actor galego Fernando Iglesias "Tacholas": «Unha festa pra Roel...? / Pois abonda de parolas... / Con todo afeuto se adire / a iste homaxe Tacholas». A que lle envía en verso Rey Baltar ou a que asinan conxuntamente Arturo Cuadrado e Luis Seoane, que nese intre dirixían a editorial Nova, na que Roel desempeñaría os seus servizos, comprometéndose a editarlle ós seus contos: «Para contribuir a tu FORTUNA... y por la emoción de esta noche nos comprometemos a EDITAR tus cuentos». Mais a promesa, por unhas ou outras razóns, non chegou a ter cumprimento e os contos de Roel seguiron espallados polas publicacións galegas sen xuntarse en volume.

Despois de trece anos de autoexilio obrigado, Roel decídese a voltar á súa terra coidando que xa non corre perigo, ao socaire da nova situación internacional que obriga ao réxime franquista a amosarse máis flexible cos exiliados e fuxidos que non tiñan cargos graves na súa contra. Aínda así, de volta na terra, Roel será "molestado" e detido, pasando varios días na cadea. Aparte do tirón da terra, tiña bos motivos para voltar: unha muller que o agardaba e sete fillos, xa mociños, que deixara de nenos e que case non o coñecían.

Ao escomenza-lo ano 1950 -desembarcou en Vigo o 26 de xaneiro- Manuel Roel estaba de volta na súa terra e cos seus. Había que reface-la vida. Unha vida que non era nada fácil para un "non adicto" ao réxime, como el mesmo comprobou en carne propia. Nun ambiente abertamente hostil e perigoso para o uso do galego, Roel deixou practicamente de escribir. O humorismo popular que el cultivara chocaba frontalmente cunha realidade dura e áspera. Desde a súa volta soamente temos constan-

Este afomoxo por un  
dearei .. algún día nos  
na vosa Betanzos. Que tonas  
un febo vosa e que voso Lelis  
A vosa na tía do vosa do 2.º  
ante fillos  
Castelao  
Buenos Aires 9 de Nov. 1944

Autógrafo de Castelao no álbum de Roel.

cia dun conto -xa publicado na Arxentina- que apareceu no *Anuario Brigantino* de 1951 e doutro publicado na revista *Vida Gallega* en 1955. Aínda así Roel debeu manter algunha relación esporádica con vellos galeguistas do "interior". No seu lar betanceiro recibía visitas como a do gran poeta Cabanillas e doutros persociros da cultura. No prólogo a *A roseira da saudade* (A Coruña, 1953) do poeta emigrado Antón Zapata García, amigo do betanceiro na Arxentina, Otero Pedrayo refírese ao "*meu vello e nobre amigo Roel, de Betanzos...*" que foi precisamente quen se encargou da súa publicación e de solicitarlle ao polígrafo de Trasalba un prólogo para a obra do amigo, quen por certo morrería nese mesmo ano sen ver publicado o libro.

O vinte de febreiro de 1968 apagábase en Betanzos a vida de Manuel Roel. Viña de facer setenta anos, trece deles gastados nun doroso e fecundo exilio.

## A SÚA OBRA HUMORÍSTICA

A produción literaria de Roel coidamos garda moitas semellanzas cos *Contos da terra* de Manuel García Barros e, en certo xeito, cos poemas festivos e humorísticos dialogados de Xavier Prado "Lameiro" que reflexan a picaresca da xente do agro. Nos seus diálogos teatrais, quizais de menos calidade que os contos, obsérvanse tamén certa similitude cos diálogos humorísticos dos ferroláns Charlón e Hermida.

Na poesía Roel popularizou o termo de "foguetes" e "lóstregos", como título xenérico dos seus poemas, unha especie de epigramas festivos, case sempre dialogados, que desenrolan unha anécdota máis ou menos graciosa que remata "estoupando".

Toda a súa obra escrita -ben sexa poesía, teatro breve ou o conto- destila un humorismo popular moi noso, sinxelo e retranqueiro. Non é unha obra con pretensións, destinada a permanecer, procurando máis ben a diversión dos lectores e ouvintes -lembremos a súa actividade radiofónica- sen outros plantexamentos de máis alcance. Roel recolle do povo os contos e as anécdotas -ás veces reais- e dalles forma literaria, recreándoos, sen perder por iso a gracia e frescura orixinal. Aínda así, nalgúns contos -estamos a pensar en *O cabaliño branco*, por exemplo- apártase desta liña de humor fácil e chispeante, amosando un lirismo que só moi raramente cultiva e que nos fai lembrar as *Cousas* de Castelao -salvando as distancias- por máis que non posúan o esquematismo e a economía de linguaxe que caracteriza ao rianxeiro.

Ogallá que esta sinxela lembranza sirva para dar a coñecer aos novos e lembrar aos menos novos a figura e obra dun paisano que, sobrepoñéndose ás dificultades e miserias da vida e á separación dorosa da súa terra e dos seus, tentou aleda-la vida dos seus paisanos -na propia terra ou na emigración- cos seus contos e poemas festivos que tentaban recriar fielmente ese humor popular tan noso, tan galego. Eis a función do humorista: amosa-la ledicia e a alegría que agacha unha grande dor. Roel foi un deles.

A relación das súas obras, que damos de seguido, baséase nas existentes entre os papeis de Roel que garda a súa familia (unha copia de parte deles consérvase no Arquivo Municipal de Betanzos) e noutros datos que coñecemos. Non supón que sexa unha relación completa, mais si dabondo aproximada á totalidade.

A) CONTOS: *Amor propio*; *Antoxo de borracho*; *A bulda*; *A carta*; *A confesión*; *A derradeira leición*; *A receta*; *A recompensa*; *A renegada*; *Bon sacristán*; *Como pra resis-*

*tirse; Consellos de vello; Conto de medo; Cousas do Antroido; Cucadas; De quen é a razón?; Direito á vida; Duas veces xusto; Ensaio interrompido; Eran tantos...; Era música; Eso si que non; Gostáballe o mozo; Ir por lan...; Mais que foran, pra empeñar; Moita música; Na mesma moeda; Non era pra tanto; Non era tan listo; Non tiña mal xenio; Non val decil-a verdade; Os pinos de don Serafín; O americano; O barbeiro de Sevilla; O burro de Sinxilín; O cabaliño branco; O casamento do tonto; O Marelo (conto que non é conto); O morto que falaba; O padriño; O pobriño mudo; O que queira saber; O raposo e máis o grilo; O Telesforo; O tío rico; Os ovos da obrata; Por non ter cadea; Por si acaso; Que vain enganar a outro; Rebandas e Saris; Rosendiño; Ensaio interrompido; Tece que tece; Testigo pagado; Unha agudeza; Un abogadiño; Un alcalde en porta; Un asistente como poucos; Un cego con vista; Un convidado; Un home honrado; Un raposo sin galiña; Un sermón caro; Un testigo; Un tipo popular: A Zamorana; Un xastre máis; Xa podía buscar...; Xusticea pol'a man.*

B) POEMAS FESTIVOS. "Foguetes" e "Lóstregos": *Aproveitados; A sorte do paxariño; Boa enfermidade; Boa recomendación; Boa recomendazón; Bromas pesadas; Como nasceu o amor; Como serían!; Consello acertado; Consolo; Cousa segura; Filosofando; Fin de carreira; Home precavido; Lindezas; Mal pensado; Marchou de Romate un día...; Miñas penas; Non era pra menos; Non sei se rir ou chorar; Os ivivas! dun vivo; Por si acaso; Que besta!; Que día!; Tiña razón; Tiña razón; Un gran xornaleiro; Un mal día; Un verdadeiro Xan.*

C) DIALOGOS TEATRAIS E "SKETCHS": *Acabaron amigos; Apuros de Marolón; Camiño da farra; No xugado; O amor trunfa (ensaio de comedia); Un bico;...*

D) SERIE "RETAZOS DE GALICIA" (pequenas glosas en español de lugares, cidades e vilas galegas para programas radiofónicos): *A Coruña; Arzúa; Betanzos; Ferrol; Guísamo; Os Caneiros; Pontedeume; Sada; Vigo.*

## PEQUENA ESCOLMA

### foguetes

#### HOME PRECAVIDO

D-unha obra con seis pisos  
un home caer eu vin,  
e antes de chegar ó chán,  
dixo: salide d-ahí,  
que se vos mato e non morto,  
faranme pagar a min.

#### BOA RECOMENDAZON

-Ese soldado, ¿que fixo?  
-Pois, verá, meu xeneral:

comeu tres días seguidos  
as patacas dos demais.  
-Caso grave: sin castigo  
eso non pode quedar,  
pol-o tanto, agora mesmo  
tres tiros hai que lle dar.  
-Olle: e recomendado  
do señor de Castromán.  
-En vista d-eso teniente,  
que lle peguen un namáis.

#### CONSELLO ACERTADO

-Bos días, señor Xués;  
eiquí veño a molestal-o  
é ademáis, pedir consello.  
-Fale, que vou escoital-o.  
-No romáxe de San Bráis,  
ó fillo do Tarabelo,  
deronll-un tiro nun ollo,  
¿que hai que faguer?  
-Curalo.

### MAI. PENSADO

De costas contr'o palleiro  
i-escrequenado no chán,  
estaba Xelo de Cidre  
a preno sol da mañán  
léndo "Romance de Lobos"  
e c'un pitillo na man,  
cando chegou don Ramiro,  
abade de Cortiñán.  
-Ise libro qu'estás léndo,  
dixo: ¿n-é de Valle Inclán?  
-Que vai ser, señor; e meu,  
que m'o mercou meu irmán.

### UN VERDADEIRO XAN

Naceu, puxéronlle Xán;  
medrou, e Xán seguiu sen-  
do;  
casou, seguiu sendo Xán,  
i-en Xán rematou, morren-  
do.  
Meterono na burata,  
taparono con terrós,  
e un epitáfio decindo:  
"Nunca tivo pantalós".

### BROMAS PESADAS

Morreu Antón o Cadixo  
en féra noite d-inverno,  
indo parar ó inferno,  
prá pagar o mal que fixo.  
Refregándoll-o fuciño  
o Demo con un tizón,  
fíxolle berrar á Antón,  
cheo de medo: Amodiño,  
señor Demo Argalleiro,  
pois, con esas bromas pesadas,  
houbo arder noites pasadas  
n-aldea miña, un palleiro.

## Diálogos teatrais e "sketchs"

### CAMIÑO DA FARRA

Jacinto.- Bon yorno, amigo Marolon.

Marolon.- Hola, Jacintiño. Sabes que tes razón de que esto é un bon forno? Fay un calor que non se aguanta. Quén me dera n-a miña terra... Ali deixan estar en mangas de camisa ou como queiras, pró eiqui, hastra teñen o Obelisco metido n-unha funda. E ti, que tal?

Jacinto.- Yá ves, viejo, hecho un bacán disfrutando veinte dias de licencia. Decime: encontraste laburo?

Marolon.- Traballo, quererás decir, porque eso de laburo cheirame á tallarís.

Jacinto.- Asi es.

Marolon.- Pois, verás: un amigo que teño en Avellaneda dabame un choyo bastante bo por certo, pró non sirvo eu prá el.

Jacinto.- Qué trabazo era?

Marolon.- De mecánico de un frigorífico.

Jacinto.- Sos loco, vos?

Marolon.- Si, ho, si. De que te estrañas? Pró como eu non sei nada de ferreiro nin de mecánico, non puiden acetarlle.

Jacinto.- Ah...

Marolon.- Agora buscoume outro é desde primeiro de mes irei traballar. Vou prá fábrica de fósforos que hay alí.

Jacinto.- Andá con cuidado viejo, porque allí hay muy lindas pibas y á lo mejor...

Marolon.- O millor, qué. Seique che parece que vou trocar á que deixei aló por unha destas paletas de pintor que andan por ahí?

Jacinto.- Bueno, ché, que vas á tomar vos? Mozo, a mi dame un cubano.

Marolon.- I-a min, unha cubana.

Jacinto.- Ah loco lindo, no perdés de las tuyas. Apuntáte un poroto que estuviste macanudo.



Marolon.- Amodiño, amodiño, que non quixen ir pol-a malicia. Quixen decir unha cunca de café que teña café, pois o que levo tomado hastra agora, mais que café parece estraoto de paraguas inglés.

Jacinto.- Decime, estás dispuesto en estos días que estoy sin trabajar á salir conmigo de garufa?

Marolon.- Eso, segun a donde me leves. Non sabes o que lle pasou ó zapateiro de Santiago?

Jacinto.- Contá.

Marolon.- Casi nada. Emborrachárono unhos amigos e cando perdeu o sentido vestírono de frade e levarono a un convento. Chamaron e cando veu abrir un frade dixéronlle que o atoparan na rúa sin conocimiento. Recollérono prá dentro e sin desvestilo metérono na cama. Pol-a mañán cedo foron despertalo e preguntáronlle de que convento era. El, todo asombrado, mirouse e dixo:

-Señores padres de almas, vayan á Rúa de San Pedro número 38 e pregunten por Simón o zapateiro. Se non está na casa, son eu o zapateiro, pró se está, eu non sei quen son. Por eso non quixera que me xogaran unha mala partida.

Jacinto.- Oime: yo quiero llevarte como amigo, asi que mañana me esperarás á las once para ir á morfar juntos.

Marolon.- Como dis?

Jacinto.- A comer, hombre de Dios.

Marolon.- Mira: a min fárame en cristiano.

Jacinto.- Sos buena banana vós. Escuchá: después de comer nos vamos á ver el Huracán...

Marolon.- E ti sabes que vay haber huracán?

Jacinto.- No seas sonso, ché. Digo a ver jugar el Huracán con River. A la salida te voy á llevar á una milonga y á la noche...

Marolon.- A dormir, porque eu non ando com-os morcegos de noite.

Jacinto.- Entonces quedamos en eso. Te espero aquí mismo, eh?

Marolon.- Está ben.

Jacinto.- Chau, pibe.

Marolon.- Adios... Ah, escoita: cando volvas non te esquezas de traer cartos prá pagar o que tomemos, porque eu xa sabes que ando con ese padecimento que lle chaman en término médico sindineritis.

Jacinto.- Perdoná que me marchara sin pagar. Tomá un peso, pagáale al mozo y que se quede con el vuelto. Chau.

Marolon.- Adios... Paganini.

---

## Contos

### UN CONVIDADO

¿Quén non coñeceu ao Cafú, o mellor múseco de vinte legoas á redonda? Era máis popular nas Mariñas que o michiño da Perrera, que xa e moito decir. Tocaba a gaita como ninguén, e d'unha maneira que daba xenio, ise chisme que lle chaman o sinsifón, con máis chaves que a porta do convento de Monfero. Non había festa nin romaxe onde el non estivese co-a sua charanga tocando muiñeiras, valeses e agarradiños que duraban unha hora, inda que os mozos e mozas decían que non chegaban ós cinco minutos.

Aficionado a pescar troitas e salmons, nemigo de meterse nas cousas alleas e gardador de tradicións, era moi querido no pobo, pró tiña un pequeno defeuto, según decían os compañeiros: cada ves que iban a tocar a unha festa, levaba co-el un fillo, que comía coma todos, pro que nunca entraba no escote cando chegaba a hora de faguelas contas. Mais unha de tantas veces que o fixo, os compañeiros amoscaronse e dixéronlle:

-Dende hoxe non queremos que o rapás veña contigo a xantar, a non ser que pague a parte que corresponda ou que nosoutros o invitemos.

-Está ben; dende hoxe non volverá a non ser que o convidedes vosoutros, pois non quero que se diga que me aporveito dos compañeiros pra mantel-o meu fillo. Como todo chega n-iste mundo, tamén chegou o día do Patrón en Piadela, e alá se foi o Cafú co-a sua xente. Cando alborexaba o día no outo de Montellos, escomenzou a tocar unha alborada que rematou na taberna do fogueteiro. Votaron un grola de peloura cada un e foron en procura do cabezaleiro que tiña o ramo. Despois que sairon da misa tocaron unhas xeiras e foron car-á taberna onde os agardaba a mesa posta. Pan trigo en rebandas, viño do ribeiro, lacón con grelos e chourizos adornados con patacas e prébe, tortela de cebola con touciño e papas de arrós con canela e sucre por enriba.

Como ningún d'eles padecía do estómago, axiña se acomodaron, menos o fillo do Cafú, que por mandato do seu pai quedou detrás da porta. Foron acugulando os pratos, e cando o Cafú se ergueu, os demais fixeron o mesmo. Sacou o pucho e, persinándose, dixo:

-No nome do Pai e do Espírito Santo...

-Tí estás tolo, atallou un compañeiro: ¿e onde deixachel-o fillo?

Sin decir unha verba foi abril-a porta e falou:

-Neno, ven xantar con nosoutros que te convidan os señores.

#### CUCADAS

Había un tonto en Pravio coñecido co nome d'o Cuco, pois co-as suas tonterias non daba un golpe de traballo na sua casa... nin na dos veciños, pasando a vida de folga. Isto valeull-o alcume de marras. Tanto se afixo a que lle chamaran o Cuco, que un día que o foron buscar pra unha malla, contestou: Mira, Vicentiño: se fai bon día, non che poido ir axudar por que teréi que cucar, agora que, se chove, conta comigo para axudarte.

Na casa xa non intentaban mandarlle faguer nada pois era perdel-o tempo; se faguía día de poder traballar, doialle a cabeza ou a barriga, se chovía, ibase par-a taberna xogar á brisca co-os vellos, e se había festa por preto da parroquia, decía que era día de gardar e pol-o tanto non se traballaba. E sempre o mesmo; a vida d'il era mellor que a d'un alcpreste.

Certa tarde que andaban os xornaleiros na cortiña do seu pai, chegou a nai con unha cesta de merenda: xurelos fritos, con patacas cocidas e prebe, que recendían, pan trigo e viño de Valdeorras.

Deixaron os homes as ferramentas, deitaronse no arredor á soma d'un castiñeiro i-estalaron as pernas. O Cuco fixo o mesmo, pois habendo enchente non podía faltar. Cando seu pai se puxo a tallar no molete, non puido agoantarse e falou:

-O vello me leve se non fago unha aposta a que son capás de comer todo canto trougueron na cesta.

-Que vas comer, animalíño, dixo un xornaleiro.

O pai, que sabía canto o seu fillo comía, reprecou:

-Aposta, rapás, que gañas.

-E tamén son home pra beber todo canto viño ten o garrafón.

-Apostado, contestou outro; son eu quén che paga o gasto.

-Aposta rapás, que gañas, volveu a decir o pai.

-E pra que vexades que son tan home coma calquera de vosoutros, despois de comer e beber todo canto dixer, son capás de ir ao monte, coller tres carros de toxo que non entren pol-a porta do curral e cargalos eu soíño no carro.

Cando iba un dos presentes aceitarlle, adiantouse o pai e berrou:

-Non apostes, meu filliño, que perdes.

#### UN XASTRE MAIS

Se o que vou contar foi certo ou non, non-o sei; o que sí podo asegurar e que coñecin ao interfeuto. Era un xastre a quén lle chamaban o Gurancho, home de pouca pranta, pouca sona, pouca vergoña e moito narís. D-iso si que estaba bñ, pois parecía unha pataca baralloca cando ten grelos, e vista de lado mesmamente tiña o xeito de un gancho.

Fagufa días que os rapaces non-o deixaban en pás, desque souberon que lle andaba faguen-do as ñañas a doña Pilara a escolanta. Por un vidro esnaquizado da xanela, metían a cabeza e berrábanlle:

Gurancho,  
narís de gancho,  
corta chaquetas  
por duas pesetas.  
Prá escolanta  
tés pouca pranta,  
xastre larpeiro.  
Morre solteiro.

Nin con correlos era capás de que o deixáran un soio día sin alcumarlle, e canso de ouvir tantas cousas, púxose a maxinar a maneira de que non se meteran mais co-il.

Unha mañán que saín os rapaces da escola, quentou un ferro no lume e agardou que se achegaran. Ao ver que un viña moi amodiño disposto pra repetil-o de sempre, púxose detrás da contra co-o ferro na man, i-encanto meteu a cabeza, refregoullo nos fuciños.

Namentras que o rillote fuxiu a berros, dentro da casa rñanse a cachon. Un dos que mais gargalladas botaba, era un rapaciño que aquel mesmo día entrára a adeprender o officeo. Tanto se ría que tiña que botal-as mans á barriga pra non estalar. Xa levaba moito tempo ríndose e aquilo chamou a atencón do Gurancho que dirixíndose a il perguntoulle:

-¿De que te rís tanto?

O rapás parou de rirse, con medo de que lle reñesen, e contestou moi cheo de razón:

-Maestro: por iso, que pillos somol-os xastres.

#### O QUE QUEIRA SABER

E o día de Santa Mariña a festa maior de Peteiro. Ó abril'o día vese en total'as chimineas d'a bisbarra un ffo de fume que rube car-o ceo, direitiño como a i-alma d'un anxo; as campás d'o outo campanario repican sen acougo, ledas como nunca. Mesmo parés que o vello sacristán quixera tocar unha muiñeira cos badales. Lonxe, sentense os primeiros sons d'as gaitas que veñen dando a alborada, namentras que os rapaces que saíron cedo cô gando pra ter a tarde libre, corren detrás das canas dós foguetes que estouran a cotío. Duas velliñas, moi velliñas, falan debaixo d'ó alprende d'ó tio Marcial dá Corga, que por primeira vez falará dendó púlpeto.

Nada ten de particular que n-a parroquia se non fale d'outra cousa. Despois de oito anos

metido n-o seminario de Santiago, escribira decindo que recibira "ordenes menores", i-entón o señor abade pregoulle que viñese decil-o sermón o día d'a Santa Patrona.

Recibil-a carta e votars-a tremar, foi todo un, pois nin recibira "ordenes menores" nin cousa que se lle parece; todo canto fixo, foi gastal-os cartos que lle mandaban a fin de mes, en traggalladas e regalos á noiva. Pro temendo ser descuberto, pideu unha sotana emprestada e foi disposto a todo.

Cando deron as doce, non se collía n-a irexa. Veciños d'as parroquias de preto chegaron a oír o sermón. N-unhas cadeiras postas debaixo d'o púlpeto, puxeronse os pais lucindo traxes novos e cheos de fachenda. O corazón non lles cabía no peito e pol-as facianas escorregabanll-as bágoas da ledicia que sentían.

Chega o momento agardado; debruzado n-a baranda adornada con terciopelo roxo e paños de liño fino, comenza a falar amodiño, tan amodiño, que ninguén sentiu o que dixo; abr-os brazos e día: -Irmans n-El Señor: n-iste día tan sinalado, quero falarvos d'o misterio de Santa Mariña e San Cristóbo cando se atoparon en terras de Xerusalén. San Cristobo díxolle a Santa Mariña... díxolle... Santa Mariña... San Cristóbo díxolle... e Santa Mariña díxolle... e...

O probe rapaz non sabía por onde andaba, i-os veciños mirábanse unhos pra outros como dicindo: -¿Que lle diría? Unha rapariga que prestaba moita atenceón ô que decía o mozo, chegouse xunto d'a nai e perguntoulle:

-Tia Pastora: -¿Que lle dixo San Cristóbo a Santa Mariña?

-Mira, rapaza; o que queira saber o que lle dixo, que gaste os cartos en ir adprender a Santiago como foi o meu fillo.

#### ERAN TANTOS...

Ramón o zapateiro é máis Ché da Chafana, levábanse o mesmo que o cán i-o gato facía dous anos. Non podían estar xuntos, porque sempre acababan reñindo pol-a mesma cousa. Ché debíalle un patacón a Ramón d-unha partida de brisca n-a casa d-o Trolo e non quería pagarllo. Custión de capricho mais que nada, decía Ché.

Un día, iste, pra sacal-o de encima, fíxose o morto. Levárono a irexa pra velar, porque sempre fixo de sagristán na parroquia e aló se marchou tamén Ramón. Cando a xente se foi indo, subio o púlpeto e púxose a pasal-o tempo cosendo unhas medias solas, sin sacar o ollo d-encima do morto. Xa logo abría o día, cando sentíronse pasos de xente que votou a porta pra dentro. O zapateiro escrequenouse cando puido e púxose a escoitar.

Era unha gabilla de ladróns que despois de roubar a casa dos señores de Peteiro, viñan repartir os cartos. Enriba d-un altar fixeron tantas moreass como iles eran. Mais, sobraba un puñal de prata con pedras moi relacentes que recramaba pra sí o capitán.

-Non señor, dixo un. Debe sortearse ou desfaguelo e repartilo.

-Tampouco estou conforme, dixo outro, porque quén o roubou, fun eu, pra iso me quedei o último.

-Alto, berrou un vello: Pra non andar con tantos líos i-estar perdendo tempo en discusións, eu propoño unha cousa: cravarllo na barriga ao morto é...

Xa non puido rematar de decil-o, porque o Chafano saltou da caixa dando berros tan grandes que os ladróns botaron a correr igoal que un cán cando lle atan unha lata no rabo. O que mais i-o que menos, daba cos calcañares n-aquel sitio que de rapas escollen os pais pra castigo d-un.

Baixou o zapateiro a toda presa do púlpeto, ríndose a mais non poder, i-encarándose co sagristán faloulle:

-De maneira que te fixeches o morto pra librar-te de min? Pois nin con esas, porque namén-

tras non te vexa meter na burata e aprete eu un pouco a terra, non te perderei de vista nin che perdoarei o patacón que me debes.

–Deixemos iso agora e repartamos os cartos denantes que volten os ladrós.

Fixérono eisi, pro despois de repartir as moreas o zapateiro pediulle o patacón que lle debía.

–¿O patacón? Ti es caprichoso, pro eu son mais. Nunca mais o ves.

–Se non me das o patacón, mátote.

–Matarasme, pro inda despois de morto...

E eisi seguiron discutindo namentras que nuha carballeira os ladrós xuntáronse a parolar. O capitán decíalles:

–Por iso, somos ben cobardes. Fuximos o mesmo que un gato escaldado e sin saber por qué. A ver, ti, Zarramallas, chégate alf e dinos que pasa, que nos agardamos.

Pasaría un coarto de hora, cando volveu votando escuma pol-a boca decindo en verbas que reflexaban o espanto:

–Cando cheguei a porta, puxen o oído na pechadura e sintín un zafarrancho de mil demos. Eran tantos os homes que alf había, que nin a patacón lles tocaba.

### A RENEGADA

Baixando pol-a corredoira que chega ô souto de San Vitorio, á man direita, hai unha encrucillada preto do cimiterio, e no cómaro, unha vella crus de ameneiro comesta pol-o tempo, na que está cravado el Señor. Enriba da coroa, pendura un farol que tod-o ano é alcendido pol-as noites por mans de veciños piadosos. E no vran fanse grandes festas no seu honor, con misa cantada, foguetes, múseca e procesión.

Antr-os moitos devotos que a cotío iban rezarlle, estaba a tía Mingas, velliña de oitenta anos, inda rufa, e boa si é que hai algunha muller boa n-iste mundo. Fixera bon tempo ou caeran cantazos, non deixaba a tía Mingas, de faguerlle unha visita e rezar algo pol-os que foron pra eternidade. A súa relixiosidade xa raiaba en anagoxía.

Aconteceu que un día de inverno, en que non deixaba sair a xente da casa, a velliña foi, coma de cote, a poñerse de xionllos diante do Cristo e decil-as suas oracions. O vento, que bruaba máis que o Orzán, guindou a crus enriba da cabeza de crechos cabelos brancos e fíxolle unha fendecha na testa que a deixou sin sentido. Pol-a faciana escorregáballe o sangue, e os ollos pechos, daban a impresión da morte.

Levárona pra casa n-unha aparelloa, e despois de limpala, chamaron o señor abade pra que lle puñera a estrema, pois coidaron que morría. Chegou iste, abreu un libro i-escomenzou a rezar, no intre que a vella regalou os ollos, aproveitou pra ensinarlle un crucifixo pequerrecho, e decirlle:

–Tía Mingas: déalle un bico al Señor...

–Galdrumeiros... ¿quíxome matal-o pai, e inda me traédel-o fillo? Fóra d-eiquí, fóraa, dixo virándose car-ó caneiro. E non houbo maneira de convencela.

Pasaron os meses, foise reponendo, mais a sua cabeza non rexía coma denantes. Deixou de rezar a faguerlle visitas ô Cristo e nunca mentou nas suas conversas á igrexa nin ôs santos.

Chegou o mes de Agosto, e a cofradía púxose a recadar cartos con qué faguer as festas de costume en honor do Cristo milagreiro. Ningún veciño se negaba a dar algo, pois d-ali saían pesos pra mercal-o aceite e as mechas con que alumalo tod-o ano. Andiveron de porta en porta, e cando chegaron a casa da vella, ninguén quería entrar por medo a levar unha mala contes-tazón, pró un mocío novo, dixo que entraba il, e a convencería. I. entrou.

–Boas tardes, tía Mingas.

–Eisí sean.

-Eu viña en nome da cofradía a pedirlle unhas cadelas pra mercar aceite conque alumar o Cristo do camiño, e...

-Non dou nada, meu neno. Nada, nada, ¿sabes?

-Tía Mingas...

-Dixen que non daba nada e dito está. Se non ten aceite, que faga coma mfn: que se deite con día.

Dende aquel día, chamáronlle a "Renegada".

### A Manuel Roel

Perdon, amigo Roel,  
por non ir ao teu plantar;  
si on corpo non podo estar,  
quero en espírito estar n-el.

Por galego cen por cen  
i-o teu humorismo san,  
ben mereces, meu irmán,  
o que esta cea che den.

Póida que algún mixirica  
fale pestes do agasallo...  
Pois dirásille a ese bandallo  
que se rasque... si lle pica.

Eres un bó betanceiro,  
das marínas marínán,  
listo de perna e de man  
e resor de pandeiro.

Nérote c-unha monteira,  
alegre contando un conto,  
como te vexo de pronto  
faiando unha ministeira.

J-escrito as vellas tomadas  
que por montañas e vales,  
caballeiras e pinales,  
entran voces de fadas.

Mais ao mesmo tempo escoto  
un fin de voces doridas  
e vexo as bágoas vertidas,  
que non dixan rego enpoito.

Penso na galiza eterna,  
que conta, que ríe e chora  
i-espera que a súa aurora  
brile despois da galerna.

Mentras tanto, amigo meu,  
pacencia e cara de risa,  
anque se este sin camisa,  
quí todo ha de vir ao seu.

J-o vento que aquí che tempo  
de volta del levado...  
Vena agora un alala  
e de remate un atropo.

Ramón Rey Baltar

4 - 11 - 1944

Na sagra beca de Deranzos, coaron da rosa Galicia, palanques de feitos faranosos, furada millenta veces pola Estoria, atópome con Manuel Roel, dirixidois de cearenta anos de irmandade, de aboncamantos nos que este loitador sin reposo, semeador de iniquidades raíces, comú as sete partidas do mundo, sempre c-o falto na man e a espada núa. Con él vivín o relembro saudoso dos días inesquecibles da nosa re-nacencia en que xuramos ser dos "bós e xenerosos" e evocamos con bágoas nos ollos os nosos gloriosos caídos, os vaxiles irmáns que nos a-

guardan no alén: débolle unhas horas que me farán compañía na  
mentras alente, á veira do río que me arroda ~~esta~~ nova terra en que  
todos nos xuntaremos un día entoando os cramosos do noso lúis. A carne  
floxece, mais o espírito está en pé, e a esperanza é un arredoiro.

Quicéron os fados que este libro de recordos este aberto pola man d'un  
irmán galego, o xemal e aceso Castela, c unhas liñas proféticas: "estou  
enfermo pero sanarai:" e sanou, que vivira eternamente, mentras viva  
un galego sobre a nosa Terra, a nosa Galicia inmortal, a nosa Galicia ~~Real~~!

Mediados do mes de Todos-os-santos do 1957

Ramón Cabanillas

Texto orixinal do poeta Ramón Cabanillas que pecha o álbum de Roel.



Caricatura de Roel por Kantor.

Do Cabaleiro de Brigaúta, Manuel Roel.

Bou amistaúra verdadeira,  
n-esta braveura do papel,  
vou sementar unha ringleira  
d-amigas verbas pra Roel.

Cabaleiro  
betanceiro,  
bon galego,  
bou irunán...  
que na mente  
Fes presente  
a lembranza  
do teu chau...!

! Cando vaias  
às tuas praias,  
Cando volvas  
ó teu lar...  
non esqueceras  
as desculpas  
das qu-houberon  
d-enignar!

! Canto dera  
s-en puidera  
ir a terra  
que deixei  
sendo novo  
ben pequeno  
e pra ela  
non voltei!

! Que boa sorte  
nos conforte  
e cheguemos  
ti malis eu...  
de romceiros  
ós "Canceiros"  
pol-o espello  
do Mandeu!

Como labrego d-amistaúra  
deixo n-albura do papel  
unha semente d-esperanza  
i-amigas verbas pra Roel.

! Por amigo  
qu-e festigo  
do inquedo  
meu afan...  
Cando vaias  
às tuas praias  
non esqueceras  
este irunán!

ai la la lá, la lá, la lá  
la la la lá, la la la lá...

Bos Aires 18-X-47

Arelino Diaz